

## LINGUA GALEGA E LITERATURA – 4º ESO

### PARA FACER UN TEXTO ARGUMENTATIVO SOBRE A IMPORTANCIA DE LEVAR CASCO NA MOTO

#### Estrutura do texto que vas facer:

**1º.**-Expón no primeiro parágrafo o tema ou asunto da argumentación e a **TESE** que defendes (para isto parte da pregunta: Débese levar casco na moto?).

**2º.**-Expón os **ARGUMENTOS** que xustifican a túa tese.

Utiliza argumentos de distinto tipo:

- .-Podes poñer exemplos e facer comparacións con outras situacións.
- .-Dar datos, estatísticas, noticias de prensa...
- .-Referirse a opinións de expertos.
- .-Facer referencia aos sentimentos, temores ou desexos do receptor.

É habitual poñer un argumento por parágrafo e é importante saber utilizar os **nexos** necesarios que conectan os distintos parágrafos (se estamos engadindo información: *ademais, e, tamén, así mesmo, non podemos deixar de incluír...*; se estamos contrastando ou opoñendo ideas: *non obstante, porén, pero, en cambio, polo contrario...*; se estamos enumerando: *primeiro, logo, deseguido, a continuación, por último...*; se estamos expresando razóns, motivos -causas-: *porque, xa que, posto que, dado que*; se estamos expresando consecuencias: *por conseguinte, polo tanto, daquela, en consecuencia, deste xeito...*).

**3º.**-No último parágrafo escribe a conclusión sobre os argumentos expostos e a tese da que se partiu.

#### Como debes expresarte?

É importante que teñas en conta o seguinte: aínda que estás expresando a túa opinión (coa finalidade de CONVENCER ou PERSUADIR ao receptor) debes facelo de modo obxectivo e para iso debes **empregar a primeira persoa do plural** ou a **terceira de singular**. Polo tanto, NUNCA empregues expresións do tipo *\*Eu creo que, \*Penso que, \*Opino que*. Ademais, se o quitas non pasa nada, o texto segue a ter sentido. Fíxate.

Ademais, debes ser **claro** e **presentar as ideas cunha orde lóxica**.

#### Antes de escribir o texto recoméndase facer un **BORRADOR**, por exemplo:

TEMA OU ASUNTO	TESE OU IDEA QUE DEFENDO	ARGUMENTOS OU RAZOAMENTOS A FAVOR OU EN CONTRA DA TESE	CONCLUSIÓN
		1º anótanse Logo, ordénanse	

**REPASA todo isto no tema 7: Lectura, teoría e actividades (páxs. 160-163).**